

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 27 DE XULLO DE 2017

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e sete de xullo de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, de UxC, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asisten, con excusa, don Óscar A. García Patiño e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UxC.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1^o do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27 de xullo de 2017, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_201707271805480000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. Ratificación, se procede, da Resolución de Alcaldía núm. 1299/2017, do 11 de xullo, respecto da designación de secretaria da Mesa de Contratación, por ausencia da titular e suplente

Acceso á videoacta: Minuto 00:00:59

Vista a proposta de Alcaldía do día 12 de xullo de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Con data 11 de xullo de 2017, por esta Alcaldía ditouse a Resolución núm. 1299, que consta do seguinte teor literal:

«O Pleno municipal do Concello de Cambre, en sesión ordinaria do día 16 de setembro de 2015, supletoria da correspondente ao día 26 de agosto de 2015, acordou constituír con carácter permanente a Mesa de contratación para asistir ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade do artigo 177 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP),

en todos os expedientes de contratación que se incoen no Concello de Cambre, isto de conformidade co establecido no artigo 320 do antedito RDL 3/2011.

Neste acordo establécese que corresponderán as funcións de secretaria da Mesa de Contratación á técnica de xestión de Administración xeral, dona M^a Fernanda Montero Carré, e, como suplente, á técnica de xestión de Administración xeral dona Verónica M^a Otero López.

Con data 6 de xullo de 2017 convocouse por esta Alcaldía sesión da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Cambre para o día 11 de xullo de 2017, ás 13:30 horas, co fin de levar a cabo a apertura dos sobres "B" (Referencias Técnicas) presentados polos licitadores admitidos no procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración), para contratar a concesión do programa "Mañanceiro" de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos centros públicos de educación infantil e primaria (CEIP) do municipio de Cambre.

Con data 10 de xullo de 2017 a secretaria titular da Mesa de Contratación presentou parte de baixa médica nas oficinas do Departamento de Réxime Interior. Pola súa parte, a secretaria suplente da Mesa atópase ausente do termo municipal ao estar desfrutando do período vacacional.

Tendo en conta que o artigo 320, apartados 2 e 3, do TRLCSP establece que:

"2. A Mesa estará constituída por un presidente, os vogais que se determinen regulamentariamente, e un secretarioio.

3. Os membros da Mesa serán nomeados polo órgano de contratación.

O secretarioio deberá ser designado entre funcionarios ou, no seu defecto, outro tipo de persoal dependente do órgano de contratación (...)

Así mesmo, a Disposición Adicional Segunda, apartado 10, do TRLCSP (norma básica), respecto das normas específicas de contratación nas entidades locais recolle:

*"A Mesa de Contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario desta, e formarán parte dela, como vogais, o secretarioio ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o interventor, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos desta, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. **Actuará como secretarioio un funcionario da Corporación.**"*

Á vista de que a lexislación non esixe outro requisito ao secretarioio da Mesa de Contratación que o de ser funcionario da Corporación, e dada a situación sobrevida e de carácter excepcional na que nos atopamos, sen que poida quedar paralizada a actividade municipal pola falta de persoal.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Designar a dona M^a del Juncal Capín Fonseca, auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría, como secretaria da Mesa de Contratación, con carácter excepcional e en tanto se manteña a situación de ausencia das funcionarias, titular e suplente, designadas polo Pleno municipal, isto co fin de evitar a interrupción da actividade administrativa, no que se refire aos procedementos de adjudicación dos contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade do artigo 177 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP), tramitados no Concello de Cambre.

Segundo: Dar conta da presente resolución ao Pleno municipal, para a súa ratificación na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Terceiro: Publicar o correspondente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, para coñecemento xeral.»

Tendo en conta o disposto na citada resolución, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Único: Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 1299/2017, do 11 de xullo, e, polo tanto, designar a dona M^a del Juncal Capín Fonseca, auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría, como secretaria da Mesa de Contratación, con carácter excepcional e en tanto se manteña a situación de ausencia das funcionarias, titular e suplente, designadas polo Pleno municipal, isto co fin de evitar a interrupción da actividade administrativa, no que se refire aos procedementos de adjudicación dos contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade do artigo 177 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSF), tramitados no Concello de Cambre.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 20 de xullo de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os tres concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.2. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2017. Expediente número 15/2017

Acceso á videoacta: Minuto 00:01:46

Vista a proposta de Alcaldía do día 13 de xullo de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores e de importe total 3.143,80 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que

se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. ("Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que aboar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente número 15/2017 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2017 por importe de 3.143,80 euros, correspondente ás seguintes facturas:

NÚM. DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2017/395	01/02/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	115,17
F/2017/427	01/02/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	71,05
F/2017/432	01/02/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	71,74
F/2017/549	04/02/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	29,49
F/2017/1418	11/03/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	30,50
F/2017/1448	11/03/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	15,37
F/2017/2625	24/05/2017	36105049V	GUTIERREZ GOMEZ SANTIAGO	97,50
F/2017/2722	04/06/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	599,93
F/2017/2723	04/06/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	379,82
F/2017/2734	04/06/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	346,40
F/2017/2743	04/06/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	520,83
F/2017/2772	04/06/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	409,61
F/2017/3001	13/06/2017	B15871221	LARPEIRADAS ANXO, S.L.	240,19
F/2017/3002	13/06/2017	B15871221	LARPEIRADAS ANXO, S.L.	87,34
F/2017/3128	22/06/2017	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	9,37
F/2017/3147	26/06/2017	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	72,00
F/2017/3149	26/06/2017	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	20,82
F/2017/3150	26/06/2017	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	4,24
F/2017/3151	26/06/2017	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	22,43
			TOTAL	3.143,80 euros

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 20 de xullo de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os tres concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a

concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por nove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.3. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2017. Expediente número 16/2017

Acceso á videoacta: Minuto 00:12:07

Vista a proposta de Alcaldía do día 14 de xullo de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 163.184,56 euros, e o informe de reparos emitido con data 13 de xullo de 2017 pola intervención municipal.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario

Visto que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar ós créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (artigo 60.2 Real decreto 500/1990: “Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Por tanto, atopámonos cun gasto realizado que se ten que pagar, co recoñecemento extraxudicial de créditos, se posibilita aprobar gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Visto o establecido nos artigos 185.1 e 217.2 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Por todo iso, **PROPONSE** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente número 16/2017 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2017 por importe de 163.184,56 euros, correspondente ás seguintes facturas:

NÚM. DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2017/3255	04/07/2017	A70290358	EDAR BENS, S.A.	76.752,98
F/2017/3256	04/07/2017	A70290358	EDAR BENS, S.A.	86.431,58
			TOTAL	163.184,56 euros

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes ao acredor relacionado anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 20 de xullo de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os tres concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos). E abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por nove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.4. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta: Minuto 00:27:45

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da proposta de Alcaldía do día de hoxe respecto da aprobación da participación municipal no Plan de acción social (PAS) Adicional 1/2015.

Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os tres concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da proposta presentada.

Única: Proposta urxente de aprobación da participación municipal no Plan de acción social (PAS) Adicional 1/2015

Vista a proposta de Alcaldía do día 27 de xullo de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Logo de ver que con data 14 de outubro de 2015 publicáronse no Boletín Oficial da Provincia número 196, as bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015,

Logo de ver que polo Pleno da Corporación, na súa sesión extraordinaria do día catorce de decembro de dous mil quince, adoptou, entre outros o acordo de aprobación do Plan de acción social (PAS) 2015, no que se aprobaba o

Plan complementario incluíndo as obras de carácter social que a continuación se indican, aprobándose así mesmo, os correspondentes proxectos:

Investimentos financeiramente sostibles de carácter social	Orzamento
Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luís Caso Cortines	106.941,32€
Mellora da seguridade viaria en Sobreguexe (Cecebre) e renovación de pavimento en Castrillón (Pravio)	99.467,64€

Logo de ver que segundo a Circular recibida da Excmca. Deputación Provincial da Coruña o 27 de xuño de 2017, para elaborar o PAS Adicional 1/2015 para concellos con baixas de licitación nas obras do PAS do ano 2015 e con obras no plan complementario, o Concello de Cambre debe achegar acordo de aprobación da achega do concello xunto co certificado de existencia de crédito ou compromiso do seu financiamento,

Logo de ver que segundo a base sexta das reguladoras do Plan, o Plan Adicional finánciase coas baixas de licitación ou anulación das novas obras que se aprobe no marco do Plan Complementario,

Logo de ver que no momento de recibir a circular referenciada no parágrafo anterior, das dúas obras incluídas no Plan Base, únicamente estaba adxudicada a obra denominada "Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol "Os Pinares", Brexo", por un importe total de 342.430,00€, cunha baixa de 142.672,54 €, quedando pendente de adxudicación o investimento denominado "Renovación de firme en Seoane (Anceis) e Patiña (Cambre)",

Logo de ver que con data 11 de xullo de 2015, por acordo da Xunta de Goberno Municipal adxudicouse a obra denominada "Renovación de firme en Seoane (Anceis) e Patiña (Cambre)", por un importe total de 32.015,39 €, ascendendo a baixa a 22.901,33€,

Tendo en conta por tanto, que as baixas producidas nas licitacións das obras incluídas no plan principal, son as sinaladas no seguinte cadro:

Denominación obra PAS principal	Concello	Deputación	Total	
Césped artificial, rego campo fútbol Os Pinares	Proxecto	3.065,87	489.036,67	492.102,54
	Adxudicación	0,00	342.430,00	342.430,00
	Baixa	3.065,87	146.606,67	149.672,54
Renova. Firme en Seoane (Anceis) e Patiña	Proxecto	342,14	54.574,58	54.916,72
	Adxudicación	0,00	32.015,39	32.015,39
	Baixa	342,14	22.559,19	22.901,33
TOTAL DISPONIBLE BAIXAS		169.165,86		

Tendo en conta que o importe total dos proxectos incluídos no PAS complementario ascenden a 206.408,96 €, e que as baixas producidas na licitación das obras incluídas no Plan Base suman un total de 169.165,86 €, o financiamento municipal necesario para a execución dos proxectos incluídos no PAS complementario, ascende a un total de 37.243,10 € .

Á vista do informe emitido pola Intervención municipal de data 26 de xullo de 2017,

Á vista da proposta formulada polo Enxeñeiro de Camiños Municipal, Xefe da Sección de Servizos, de data 26 de xullo de 2017.

En base ó anterior, **propono** ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Participar no Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015 da Excmca. Deputación Provincial da Coruña, e segundo o disposto na base sexta das reguladoras do Plan, solicitar a aplicación das baixas producidas nas adxudicacións do Plan base aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica:

Denominación do investimento financeiramente sostible	Achega municipal
Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luís Caso Cortines	0,00 €
Mellora da seguridade viaria en Sobreguexe (Cecebre) e renovación de pavimento en Castrillón (Pravio)	37.243,10 €
TOTAL	37.243,10 €

Segundo: Declarar que o Concello comprométese a financiar as obras incluídas no PAS Adicional 1/2015 pola cantidade total de 37.243,10 €.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os tres concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta: Minuto 00:35:34

Este punto non foi utilizado.

2.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta: Minuto 00:35:35

Este punto non foi utilizado.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta: Minuto 00:35:42

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1368/2017, do 19 de xullo, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Dende o 21 ao 31 de xullo de 2017, as funcións atribuídas por esta Alcaldía a dona Elisa Pestonit Barreiros como concelleira delegada da área de Servizos serán exercidas por don Juan González Leirós, segundo tenente de alcalde e concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente.

Segundo: Notifíquese esta resolución aos tres concelleiros interesados, déase conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar e publíquese esta resolución no *Boletín Oficial da Provincia*.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, a delegación en don Juan González Leirós requirirá, para a súa eficacia, a súa aceptación, entendéndose aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa ante o alcalde de non aceptar a delegación. Todo isto sen prexuízo da preceptiva publicación no *Boletín Oficial da Provincia*.”

- Da notificación procedente do Concello de Abegondo, rexistrado de entrada ao núm. 900/109, o día 10 de xullo de 2017, pola que se dá traslado do acordo adoptado por unanimidade do Pleno municipal, na sesión extraordinaria de data 20 de xuño de 2017, respecto da solicitude de inicio dos trámites para a constitución da área metropolitana da Coruña, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro.** Solicitar á Xunta de Galicia o inicio dos trámites para a creación da área metropolitana de conformidade co artigo 122.1 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia e de conformidade co artigo 43 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

Segundo. Dar traslado do presente acordo aos Plenos municipais dos Concellos e á Xunta de Galicia para os efectos oportunos.”

3.2. Rogos

Acceso á videoacta: Minuto 00:36:44

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/6786 o día 21 de xullo de 2017.

1º rogo – *Acceso á videoacta:* Minuto 00:36:56

Lee o rogo don Manuel Rivas Caridad.

Ao longo da presente lexislatura e a solicitude dos nosos veciños, o Grupo Municipal Popular ten posto varias veces en coñecemento do equipo de goberno o deplorable estado no que se atopan as fontes e lavadoiros públicos situados ao longo e largo da xeografía do noso municipio. A última delas no pleno ordinario do pasado mes de maio, respecto dos existentes ao longo do camiño inglés ou no lugar de Freande. Todo iso coa finalidade de que se adoptaran á maior brevidade posible as medidas de salubridade e arranxo necesarias para devolver a estes elementos a súa utilidade e salubridade.

A resposta a tales peticións foron acollidas afirmativamente polo equipo de goberno, comprometéndose a adoptar as medidas necesarias para o seu arranxo á maior brevidade posible.

Lonxe de cumprir o compromiso adquirido, non só non se ten respectado o manifestado, senón que os nosos veciños nos trasladan novos lugares nos que o estado de tales elementos é, se cabe, aínda peor.

Tal e como ocorre con Fonte Cuntín, na cambresa parroquia de Santa María de Vigo, lavadoiro que se engade á longa listaxe daqueles respecto dos cales se ten posto de manifesto o seu deplorable estado,

así como os existentes no lugar de Longueiral, Fontenla (Pravio), entre outros moitos. Acompáñanse fotografías dos primeiros destes lavadoiros, con respecto do segundo dos cales a maleza impide apreciar a súa existencia.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se solicite do equipo de goberno que cumpra coa palabra dada e á maior brevidade posible adopte as medidas adecuadas para resolver os problemas advertidos nos lavadoiros públicos referidos.

Don Manuel Rivas Caridad engade que concretamente o de Fontenla, Pravio, agora está de aparcamento de camiións, ou camionetas ou furgonetas de obra, machucando non soamente o lavadoiro, senón o terreo municipal e rompendo o tubo da cuneta de acceso a ela. Non sabe que tipo de obras se están facendo, pero dende logo non ten o cartel de obra municipal.

O señor presidente manifesta que o rogo será contestado por escrito pola concelleira delegada da Área de Servizos.

2º rogo – Acceso á videoacta: Minuto 00:39:20

Lee o rogo dona Marta M^a Vázquez Golpe.

No primeiro ano de mandato do Partido Popular, baixo o Goberno de Manuel Rivas, anunciábase publicamente a convocatoria das axudas municipais a emprendedores “Cambre Emprende”, programa que, como rezan os informes técnicos municipais, tiña como obxectivo non só servir de apoio económico ao emprendedor na fase máis crítica da empresa, a saber, o seu primeiro ano de traxectoria, senón tamén impulsar o emprego e a economía local. Para iso se aprobaron en breve as primeiras bases de convocatoria polas que se abonaban ao beneficiario os seis primeiros meses da cota de autónomos efectivamente pagada por cada un á Seguridade Social ou, no seu caso, á mutualidade do Colexio Profesional correspondente.

Coa aprobación e posterior entrada en vigor da Lei de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, tamén polo Partido Popular de Mariano Rajoy, o Goberno Popular de Rivas estende a axuda, non só aos seis primeiros meses de actividade, senón a todo o primeiro ano.

Coñecido é que dende a entrada de UxC e os seus socios no Goberno de Cambre, os atrasos nos pagos de tal subvención superaron o ano e medio tras as últimas bases que deixou aprobadas o anterior goberno no mes de abril de 2015, atrasos que desvirtúan de forma moi prexudicial para os beneficiarios os obxectivos perseguidos coa axuda.

Tendo este grupo municipal coñecemento de que as primeiras axudas pagadas polo actual Goberno teñen sufrido tales atrasos e tendo en conta que as bases para as altas do ano 2015 e 2016 se teñen aprobado, nin máis nin menos, que en marzo de 2017 ademais de non ter coñecemento da existencia de actividade ningunha neste sentido, dende o Grupo Municipal Popular instamos á concelleira responsable da área de Emprego se realicen de forma inmediata os traballos e tramitacións necesarias para facer fronte ao pago das máis de 50 solicitudes que se teñen recibido ata o 24 de abril, así como garantir a suficiencia da partida reservada nos orzamentos municipais para facer fronte ás solicitudes presentadas polos emprendedores cambreses.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, acepta o rogo e dá conta das actuacións que se están a realizar.

3º rogo – Acceso á videoacta: Minuto 00:43:17

Lee o rogo don Juan M^a Abalo Castex.

Durante os últimos meses, os veciños da parroquia cambresa do Temple, sufriron os problemas, entre eles de seguridade, derivados das obras existentes no Paseo Marítimo da parroquia, á altura dos bambáns e das instalacións do xogo da chave, tal e como se recolle na fotografía que se achega ao presente rogo.

Ao ser unha zona moi transitada, sobre todo nestes días de verán, ademais da existencia dun profundo oco e unhas obras que se están alongando en demasía, dende o Grupo Municipal Popular solicítase ao equipo de goberno, que se resolvan os problemas existentes no lugar adoptando á maior brevidades posible as medidas necesarias para iso.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente contesta ao rogo. Manifesta o seu desacordo co tema de que se teñan producido problemas de seguridade. A continuación explica as negociacións levadas a cabo con Augas de Galicia e coa Consellería, e conclúe que, ante a falta de actuación por parte destes organismos, unha vez os técnicos municipais comproben que o orzamento solicitado, de entre 2000 e 3000 euros, é correcto, a semana que vén pecharán o dito orzamento e será o concello quen se encargue da reparación.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 21 de xullo de 2017, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/629 o día 24 de xullo de 2017, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo – Acceso á videoacta: Minuto 00:48:53

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Para “ACdC” a rede de camiños públicos do concello constitúe un elemento indispensable para a comunicación entre distintos lugares, existindo en Cambre algúns viarios que polas súas características e falta de atención provocan situacións que impiden a circulación das persoas motivado na invasión da maleza.

O caso que nos ocupa é o camiño público que transcorre dende a rúa Castellana (anteriormente Freande), ata a rúa Pumar Méndez. Este problema vén sendo recorrente nos últimos anos, e unha vez máis pregamos o acondicionen e valoren a posibilidade de dotalo de puntos de luz, por carecer deste servizo.

O señor presidente manifesta que o rogo será contestado por escrito pola concelleira delegada da Área de Servizos.

2º rogo – Acceso á videoacta: Minuto 00:49:43

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Despois de diversas peticións feitas polo noso grupo e trasladadas, supoñemos, diligentemente ao organismo competente, vimos con ilusión que se fixo ou está a levar a cabo a substitución dos

colectores de lixo, por uns máis modernos, ou polo menos en mellor estado con respecto aos existentes. Polo tanto e en prol de garantir un proceso limpo no que ao lixo se refire.

Pregamos que se dea traslado ao organismo competente da petición de contedores de lixo orgánico con pedal, xa que é este o único tipo de colectores que carece do dito sistema que garanta a limpeza no acto de desprenderse do lixo.

O señor presidente manifesta que o rogo será contestado por escrito pola concelleira delegada da Área de Servizos.

3º rogo – Acceso á videoacta: Minuto 00:50:46

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Recentemente veciños da Castellana en Pravio, volven poñer de manifesto a inseguridade que teñen no acceso e saída das súas propiedades, pola alta velocidade dos vehículos que circulan pola dita estrada, de competencia da Xunta de Galicia, así como pola inexistencia de pasos de peóns próximos ou beirarrúas que protexan aos camiñantes.

Pregamos polo tanto que fagan as xestións oportunas para garantir a supresión destes problemas de seguridade viaria.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, dá conta das xestións realizadas coa Xunta de Galicia para que rematen as beirarrúas e fagan un paso de peóns máis.

Rogo de C's presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 0/6795 o día 21 de xullo de 2017.

Único – Acceso á videoacta: Minuto 00:52:59

Lee o rogo dona M^a José García Hidalgo.

Para solucionar neste ano 2017, os graves problemas de seguridade viaria e limpeza que sofren os veciños do Caneiro.

Dende C's Cambre queremos denunciar o mal estado que presenta O Caneiro. O pasado 8 deste mes reunímonos con asociacións e veciños onde se nos trasladou a lamentable situación que padecen. Acudimos para comprobalo e cremos que este goberno debe comprometerse con eles a dar unha solución o antes posible.

- 1) Os coches circulan a velocidades excesivas nunha pista tan estreita.
- 2) Hai postes en medio da vía, que resultan moi perigosos.
- 3) A iluminación atópase sen illar, ao aire
- 4) Os farois son moi antigos e só, un deles funciona
- 5) A recollida de lixo só se realiza unha vez á semana, e iso que no cruzamento principal só hai dous contedores para 14 casas.
- 6) O camiño inventariado como o 0095, ten sido practicamente absorbido pola maleza.

- 7) As casas en ruínas e situación de abandono presentan silvas que invaden a vía e son un foco de grandes ratas que se atopan os viandantes, falamos xa, señores do goberno, dun problema de salubridade.
- 8) Hai postes para poñer farois, pero só os postes, faltan os farois.
- 9) Grandes árbores en terreos particulares que non se limpan, co conseguinte risco de incendio ademais de impedir a visibilidade na estrada.
- 10) E como último, o eterno problema que sofren numerosos veciños en Cambre, a rede de sumidoiros.

Ante a gravidade desta situación no Caneiro, dende C's Cambre pedimos que se realice algún tipo de actuación co fin de minorar a velocidade dos vehículos, solicitar o cambio dos puntos de luz que se atopan en medio da vía dando, ademais, unha solución aos problemas de iluminación. Tamén, solicitar máis contedores, levar a cabo a limpeza de cunetas e camiños, e vixiar que os propietarios de terreos privados cumpran coas súas obrigas de limpeza, por todo iso rogamos:

O compromiso por parte do Goberno local, a dar unha solución neste ano 2017 a todos os problemas do Caneiro enumerados do 1 ao 10 na exposición anterior.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, dá conta da situación da iluminación na zona do Caneiro. En canto ás malezas existentes nun dos terreos privados di que están intentando localizar ao propietario, no caso de non conseguilo, intervira o concello. En canto ao saneamento, rexeita, por cuestións orzamentarias, a posibilidade de levalo a cabo nestes momentos.

Durante o debate do rogo o señor alcalde en funcións ordena a expulsión dun dos asistentes á sesión, isto en aplicación do disposto no artigo 104.3 do Regulamento orgánico municipal.

3.3. Preguntas

Acceso á videoacta: Minuto 01:06:39

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/6787 o día 21 de xullo de 2017.

1ª pregunta – *Acceso á videoacta:* Minuto 01:06:46

Lee a pregunta don Manuel M^a Mora Pita da Veiga.

Unha vez máis, con gran despregue mediático, o Goberno local de Cambre publicou nos diferentes medios de comunicación que, por primeira vez nos últimos anos, íase municipalizar o servizo de roza de camiños e terreos de titularidade municipal, xa que os técnicos municipais fixeron un seguimento das ditas actuacións, comprobando que non se executaban conforme coas condicións contratadas.

Para iso, o alcalde de Cambre manifestou que a insatisfacción veciñal provocou que se tomara esta medida xa que *“Non queremos que nos volva pasar o dos últimos anos, nos que recibimos centos de chamadas queixándose do servizo. Por iso o faremos nós cos nosos medios.”*

Pese a tales manifestacións, transcorrido máis de mes e medio dende o inicio das actuacións de roza, o descontento é xeneralizado entre os veciños de Cambre, que se puxeron en contacto con membros do Grupo Municipal Popular para presentar as súas queixas respecto do deficitario servizo prestado; entre

eles os veciños de Cela, para quen tan só se ten realizado algunha intervención na Patiña e na contorno do cruceiro.

Ante o descontento xeneralizado en todo o municipio, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente sobre o grao de satisfacción da campaña de roza respecto das expectativas que parece, tiña marcadas o equipo de goberno, á vista das queixas recibidas.

O señor presidente manifesta que o rogo será contestado por escrito pola concelleira delegada da Área de Servizos.

2ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 01:08:43

Lee a pregunta dona M^a Jesús González Roel.

Coa finalidade de que os máis novos poidan empregar o seu tempo libre durante os meses de vacacións, participando de modo informal en actividades de educación moi diversas, como as de carácter cultural, ambiental, deportivo, de tempo libre, de voluntariado, entre outras; dende o Concello de Cambre téñense organizado todos os anos campamentos de verán. Medida que, ademais de favorecer aos máis novos, permitía aos pais conciliar a vida laboral coa profesional, da que nos atopamos tan deficitarios nos tempos que corren.

Á vista da situación existente en Cambre sobre o particular, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente do equipo de goberno, en que situación se atopan os campamentos de verán.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, contesta a pregunta.

3ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 01:09:58

Lee a pregunta dona Rocío Vila Díaz.

O presente mes de xullo varios membros da corporación e técnicos do noso concello desprazáronse a varias localidades das comunidades autónomas de Valencia e Murcia para coñecer diferentes modelos de xestión da auga que poder aplicar no noso municipio. Lonxe de entender como en pleno século XXI é necesario o desprazamento persoal de máis de mil quilómetros do noso concello para coñecer distintas formas de xestionar a auga, o Grupo Municipal Popular pregunta ao equipo de goberno cal foi o gasto ocasionado ás nosas arcas municipais por tal desprazamento e as conclusións acadadas.

O señor presidente manifesta que a pregunta será contestada na vindeira xunta de voceiros que terá lugar.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 21 de xullo de 2017, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/629 o día 24 de xullo de 2017, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 01:11:08

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Tendo en conta os derradeiros titulares respecto das zonas de baño na contorna do río Mero.

Pode o Goberno xustificar a ausencia da zona de baño na parroquia de Cela aínda que se aprobou unha moción para garantir este feito?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta a pregunta.

2ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 01:12:46

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Fixo o Goberno de Cambre algunha alegación, ou presión, ou petición de informe, ou reunión con responsables da Xunta de Galicia ou da Consellería de Industria de cara á construción e instalación dunha gasoleira no polígono do Temple?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta a pregunta.

3ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 01:15:34

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Ante a polémica creada pola ameaza do Goberno de Cambre de implantar contribucións especiais aos veciños para custear a urbanización e asfaltado de rúas fronte ás súas vivendas, o noso grupo pregunta:

A cantos veciños que se atopan nesta mesma situación real ou potencialmente lle pensan aplicar a dita fórmula, do mesmo xeito que aos veciños da rúa Sixto?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta a pregunta.

Pregunta de C's presentada por escrito

Presentada a través do Rexistro Electrónico Común o día 21 de xullo de 2017, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/630 o día 24 de xullo de 2017.

Única – Acceso á videoacta: Minuto 01:21:46

Lee a pregunta dona Mª José García Hidalgo.

A Ciudadanos Cambre chegaronnos numerosas queixas polo novo horario de apertura da piscina da Barcala.

Pola semana pecha de 13:30 a 18:30, e durante xullo, agosto e setembro está pechada os sábados pola tarde e os domingos todo o día, precisamente cando moitos usuarios dispoñen de máis tempo para poder asistir. Unha vez visto o contrato e a prórroga concedida e dado que neste non figuran os horarios de apertura, só as tarifas (o que por certo, merecería unha revisión, ao ser estas máis altas que as de Acea da Má e con bastantes menos prestacións de servizos) preguntámoslles:



A empresa concesionaria da explotación da piscina non está obrigada a cumprir ningún horario, e non consta no prego de condicións nada ao respecto?

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e vinte e tres minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Juan Evaristo Rodríguez Vázquez

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia